

Benqueridos compañeiros, arquitectos de Galicia:

Diríxome cecáis por derradeira vez a todos vos; hai agora seis anos que, en dous períodos, encabezo a Xunta de Goberno do COAG como decano, e funvos dando conta, aparte das circulares, das assembleas, das novas na web ou noutros medios, directamente eu, por cartas coma esta, de canto aconteceu ou, cando menos, dos fitos que estiméi máis importantes.

Non me dirixín a vos nas últimas datas, no proceso de presentarme, dentro do exercicio dos meus dereitos individuais como colexiado e no convencemento da legalidade do mesmo -á vista dunha realidade xulgada en outra parte de España no seo dunha corporación colexial de arquitectos- como candidato á reelección. Nese proceso, e para mellor defender a honestidade do meu proceder, teño interposto dous procesos contenciosos que se dirimirán no seu momento. Cada quén somos persoalmente responsables das nosas accións.

Hoxe, confirmado xa que non se admite que me presente á reelección, veño en escribir para animarvos a participar nas eleccións do vindeiro luns 27.

Foi para mín unha honra tentar dirixir o noso colexio estes anos, xunto con moitos bós compañeiros; neles, estiveron sempre ao voso dispor. Confío en que, esteades de acordo ou non co feito, compartades conmigo o convencemento de que todos os que se adicaron ao traballo común o fixeron sempre desde a súa mellor vontade, rigor, adicación e honorabilidade.

Con gratitude, unha apreta fraternal,

MAROÑO CAL Firmado digitalmente
por MAROÑO CAL
ANTONIO - ANTONIO -
Fecha: 2019.05.24
11:18:52 +02'00'

Antonio Maroño Cal. decano C.O.A.G.